



1) Que se entende por "corta de policía" ?:

- a) **Cortas de mellora que afectan só o arboredo seco, enfermo ou danado.**
- b) Cortas que leva a cabo a policía local.
- c) Cortas que levan a cabo os axentes forestais coas súas propias motoserras.
- d) Cortas que levan a cabo os bombeiros nas capitais de provincia.

2) Os tractores de cadeas empréganse principalmente para:

- a) Pistas forestais.
- b) Preparación do terreo.
- c) Cortalumes.
- d) **Todas as anteriores son correctas.**

3) O sinalamento dos pés que van ser obxecto de aproveitamento é unha operación:

- a) **Previa ao aproveitamento.**
- b) Posterior ao aproveitamento.
- c) Que se debe facer cando chove.
- d) En ningún caso se leva a cabo esa tarefa pois tárdase moito tempo.

4) Nunha repoboación, un exemplo de tratamento previo da vexetación existente é o seguinte:

- a) Fertilización usando só produtos domésticos.



- b) Arrincado de sebes ou valados.
- c) Recollida de semente para sequeiro.
- d) **Roza mecanizada a feito con rozadoira de cadeas.**

5) Como se define un "tratamento silvícola" ?:

- a) Actuación que se levan a cabo nunha selva.
- b) **Actuacións forestais que tratan da conservación, mellora, aproveitamento ou rexeneración natural das masas arboradas ou, de ser o caso, da restauración.**
- c) Actuación para restaurar unha vía pecuaria.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

6) Nas repoboacións de montes galegos, está prohibido:

- a) Realizar sementeira directa de semente.
- b) Utilizar planta micorrizada.
- c) Utilizar planta maior de 30 cm.
- d) **Ningunha das anteriores é correcta.**

7) Nun fertilizante, cales son os elementos minerais máis importantes?:

- a) Níquel (Ni), Cadmio (C), Selenio (S).
- b) Cobre (Cu), Xofre (S).



c) **Nitróxeno (N), Fósforo (P), Potasio (K).**

d) Ningunha resposta é correcta.

8) Que se entende por reforestación?:

a) A técnica de venta de planta en viveiros forestais.

b) A reintrodución de especies cinexéticas nun monte.

c) A reintrodución de especies froiteiras e de horta nun monte.

d) **A reintrodución de especies forestais, mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.**

9) Cando nun monte se opta polo rexenerado natural:

a) Utilizaranse especies arbóreas en contedor máis axeitadas compradas nas feiras da zona.

b) **Evitarase extraer piña en cantidade excesiva que reduza a cantidade de semente necesaria e trituraranse os restos para o seu espallamento e diseminación.**

c) Recorrerase á fertilización en todos os casos.

d) Endexamais se pode levar a cabo tal cousa.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Peón especialista
Posto: Peón Especialista

Fase de oposición

10) En canto ao manexo de planta a raíz núa:

- a) Sempre debe quedar pechada na pick up para que non a rouben.
- b) **Debe manterse nun lugar á sombra e con humidade.**
- c) Para evitar a propagación de fungos, deberase poñer ao sol.
- d) Antes de plantala hai que lle cortar a punta da raíz e máis o ápice aéreo.

11) O aburatemento manual:

- a) Está prohibido na actualidade.
- b) **É unha técnica de preparación do solo para realizar despois unha plantación.**
- c) Faise con bulldózer.
- d) Faise con retroaraña.

12) Anulada



13) Que se entende por "vía de saca" ?:

- a) É unha vía urbana de comunicación de turismos.
- b) É unha vía peonil.
- c) É unha vía para sacar pedra dunha mina.
- d) **Vía habilitada como consecuencia de actuación imprescindible para a extracción ou o arrastre da madeira desde o lugar de apeo ata o cargadoiro ou a pista forestal.**

14) As rozas nas masas forestais:

- a) Incrementan a carga de combustible.
- b) Empeoran o estado fitosanitario das masas forestais.
- c) Deterioran o desenvolvemento das especies forestais principais.
- d) **Ningunha das respostas anteriores é correcta.**

15) As podas teñen por finalidade:

- a) Mellorar a calidade da madeira.
- b) A formación da árbore.
- c) Mellorar o estado fitosanitario da árbore.
- d) **Todas as respostas anteriores son correctas.**



16) As rozas preventivas poden ser de diversos tipos:

- a) Faixas devasas.
- b) Faixas auxiliares.
- c) Área de devasa.
- d) **Todas as respostas anteriores son correctas.**

17) Cal sería o accesorio máis axeitado da motorrozadoira manual, para triturar restos e roza de silveiras e matogueira densa?

- a) Carrete de fío.
- b) Cadeas.
- c) Serra circular.
- d) **Disco de dúas puntas e palas.**

18) Na mestura de combustible e aceite máis frecuentemente utilizada polas motorrozadoiras manuais, cal é a % de aceite a empregar?:

- a) **2%.**
- b) 22%.
- c) 32%.
- d) 42%.

19) En relación coa tensión da cadea na motoserra:

- a) Vén montada de fábrica.
- b) **Ao tirar da cadea, ningún dente debe sobresaír da guía da espada máis da súa punta.**



- c) Debe quedar frouxa para que funcione mellor.
- d) Regúlase segundo o costume do usuario.

20) Cal é a función do engraxado da cadea da motoserra?

- a) Conseguir que vaia mais rápido.
- b) Evitar que patine.
- c) **Evitar o sobrequeamento.**
- d) Mellorar o consumo.

21) As potencias dos motores dos tractores máis frecuentemente empregados en traballos forestais:

- a) Son menores de 10 CV.
- b) Sempre ten que ser maior de 1.000CV.
- c) **Están entre 100 y 250 CV (75 y 180 kW).**
- d) Todas as respostas son correctas.

22) Un tractor de rodas pode circular pola vía pública:

- a) Sempre, en todos os casos.
- b) **Só se está matriculado.**
- c) Nunca, endexamais.
- d) Só se está tramitado un permiso especial na Garda Civil.

23) Os eixos das rozadoiras de cadeas son:

- a) **Verticais.**



- b) Non teñen eixos.
- c) Non existen as rozadoiras de cadeas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

24) A diferenza entre un autocargador e un arrastrador é:

- a) Non existen os autocargadores.
- b) Non existe ningunha diferenza, pois é a mesma máquina.
- c) **O arrastrador arrastra os troncos mediante cables ou pinzas, mentres que o autocargador carga e transporta madeira.**
- d) Os autocargadores son tamén chamados retroarañas.

25) A profundidade que debe acadar un subsolador é:

- a) 1 centímetro.
- b) 10 metros.
- c) 2 metros.
- d) **50 centímetros.**

26) Cal é o tipo de motor máis frecuentemente empregado nas motoserras usadas en traballos forestais?

- a) Gasóleo.
- b) **Gasolina de 2 tempos.**
- c) Aceite.
- d) Ningún dos anteriores.



27) O engraxado da motorrozadoira manual lévase a cabo:

- a) Na buxía.
- b) No arnés.
- c) **No cabezal, desmontando periodicamente o mesmo ou a través dun parafuso.**
- d) Na cadea.

28) As procesadoras e os autocargadores son...:

- a) Tractores gandeiros adaptados a mesturar o silo das vacas.
- b) Tractores agrícolas adaptados a recoller o centeo.
- c) **Tractores forestais adaptados a desenvolver traballos específicos nos aproveitamentos forestais.**
- d) Máquinas que se usan nos sequeiros de piñas.

29) Os tractores de cadeas empréganse principalmente en traballos forestais para:

- a) **Cortalumes.**
- b) Rozas en xardinería.
- c) Realización de podas en altura.
- d) Botar esterco.

30) Que se entende por produtos fitosanitarios?:

- a) Substancias activas e os preparados que conteñan unha ou máis substancias activas presentados na forma en que se ofrecen para a súa distribución aos usuarios.



- b) Substancias activas e os preparados destinados a protexer os vexetais ou produtos vexetais contra as pragas ou evitar a acción destas, mellorar a conservación dos produtos vexetais, destruír os vexetais indesexables ou partes de vexetais, ou influír no proceso vital deles de forma distinta a como actúan os nutrientes.
- c) Substancias activas e os preparados destinados a protexer os animais ou produtos de orixe animal para o control de aspectos zoosanitarios.
- d) **As repostas a) e b) son correctas.**

31) Cando falamos dunha praga, entendemos:

- a) Que é un mal de ollo.
- b) **Que é un organismo nocivo de calquera especie, raza ou biotipo vexetal ou animal ou axente patóxeno daniño para os vexetais ou os produtos vexetais.**
- c) Que é un axente químico.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

32) Que afeccións máis graves afectan ao castiñeiro en Galicia?:

- a) A avéspera do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*).
- b) A enfermidade do cancro (*Cryphonectria parasitica*).
- c) **As respostas a) e b) son correctas.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



33) O gorgullo do eucalipto (*Gonipterus spp.*) é:

- a) **Unha praga.**
- b) Unha enfermidade.
- c) Unha virose.
- d) Ningunha das resposta é correcta.

34) A loita contra o gorgullo do eucalipto (*Gonipterus spp.*) pode levarse a cabo mediante:

- a) Tratamentos químicos.
- b) Loita biolóxica.
- c) Non ten tratamento.
- d) **As respostas a) e b) son correctas.**

35) O nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus*) transmítese por:

- a) Un fungo.
- b) **Un insecto.**
- c) Un virus.
- d) Non ataca o piñeiro.



36) A tinta do castiñeiro (*Phytophthora cinnamomi*) está causada por un:

- a) Un fungo.
- b) Un insecto.
- c) Un virus.
- d) Non ataca ao castiñeiro.

37) A avespiña do castiñeiro (*Dryocomus kuriphilus*):

- a) Produce a seca instantánea do carballo.
- b) Produce a seca das raíces da nogueira.
- c) Non está presente en Galicia.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

38) A loita contra o cancro do castiñeiro lévase a cabo:

- a) Inoculando cepas hipovirulentas nos pés danados.
- b) Apeando as árbores afectadas.
- c) Non existe tratamento posible.
- d) Escollendo as follas afectadas.

39) O trampeo é:

- a) Un método de erradicación total de especies invasoras.
- b) Un método terapéutico químico.



- c) **Un método preventivo que persegue o control de poboacións.**
- d) Un método terapéutico físico.

40) Unha técnica de aplicación máis común dos produtos fitosanitarios para a pulverización de líquidos é:

- a) Cañóns con motor.
- b) Mochilas.
- c) Corta de bolsóns.
- d) **As respostas a) e b) son correctas.**

41) Un método preventivo de control de pragas usado habitualmente no ámbito forestal é:

- a) **Podas e clareos.**
- b) Aburatemento manual.
- c) Rega abundante.
- d) Enxertos a feito nunha masa forestal.

42) Cal das seguintes respostas non se pode considerar como un axente nocivo nunha plantación forestal?:

- a) **Pragas causadas por animais (artrópodos, nematodos, vertebrados...).**
- b) Alteracións nutricionais do solo.



- c) Enfermedades causantes por fungos, bacterias, virus...
- d) **Vixilancia periódica.**

43) Cal das seguintes respostas non se considera un método de control de pragas e outros axentes nocivos usado habitualmente no ámbito forestal?:

- a) Clareos.
- b) Cortas.
- c) Vixilancia periódica.
- d) **Medición de alturas.**

44) Que é un tratamento con funxicida cúprico?

- a) **É unha formulación especial a base de cobre.**
- b) É un tipo de poda en altura.
- c) É un tipo de enfermidade do castiñeiro.
- d) É unha formulación especial do marco de plantación.

45) A valoración primaria ao accidentado consiste en analizar la situación de:

- a) Consciencia.
- b) Respiración.
- c) Hemorraxia.
- d) **Todas las anteriores son correctas.**



46) Manexo da motoserra

- a) A motoserra débese agarrar cunha soa man en situacións de difícil acceso.
- b) **O método de arranque con menor risco é coa motoserra no chan.**
- c) Non fai falla o emprego de protectores auditivos no manexo da motoserra.
- d) A forma correcta de arranque é coa motoserra no aire.

47) Para garantir a seguridade durante a utilización das ferramentas manuais:

- a) Evitarase que as partes cortantes ou punzantes se atopen totalmente afiadas para minimizar o risco de corte ou punzamento con estas.
- b) As ferramentas transportaranse nos petos ou na man, o seu transporte en caixas porta ferramentas carrega sobreesforzos innecesarios.
- c) **As ferramentas cortantes ou con puntas agudas gárdanse provistas de protectores de coiro ou metálicos e empregaranse luvas para a súa manipulación.**
- d) Nunca se empregarán ferramentas cortantes para evitar cortes.

48) Anulada

49) Durante o manexo da motorrozadoira manual deberase ter en conta que:

- a) Pódese fumar durante as operacións de repostaxe.
- b) **Non debe tocarse a folla co motor en marcha.**



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Peón especialista
Posto: Peón Especialista

Fase de oposición

- c) Non pasa nada por desprazarse polo monte co motor en marcha.
- d) As pernas débense manter ben xuntas durante o manexo do equipo.

50) Nos desprazamentos en vehículos son medidas preventivas:

- a) Comprobar o estado de mantemento do vehículo.
- b) Inspeccionar o terreo previamente.
- c) Distribuír as cargas adecuadamente para manter a visibilidade.
- d) **Todas as respostas anteriores son correctas.**

51) No traballo con serra de cadeas:

- a) Hai que elixir sempre a serra máis grande para mellorar o rendemento.
- b) **Deberá comprobarse o funcionamento do freo da cadea.**
- c) A cadea debe moverse libremente co motor desconectado.
- d) Procede traballar só para evitar riscos.



52) No uso de fitosanitarios, cal dos seguintes EPI non é requirido?:

- a) Máscara con filtro para gases/vapores orgánicos.
- b) Luvas de protección resistentes a produtor químicos.
- c) **Perneiras anticorte.**
- d) Lentes de protección ocular.

53) No traballo de roza con motorrozadoira manual, hase de manter unha distancia mínima de seguridade respecto de calquera persoa de:

- a) 1 metro.
- b) 5 metros.
- c) **15 metros.**
- d) 20 metros.

54) Cal destes EPI non é requirido para a eliminación de residuos no traballo de aproveitamento?:

- a) Casco con pantalla protectora.
- b) Protección acústica.
- c) Botas de seguridade.
- d) **Máscara con filtro para gases orgánicos.**



55) Operacións de repostaxe coa motoserra

- a) A repostaxe débese efectuar o máis preto posible do lugar onde haxa lume.
- b) No caso de verter o combustible durante a repostaxe non é necesario limpalo, xa o absorberá o terreo.
- c) **A repostaxe realizarase co motor parado.**
- d) A repostaxe non require especial atención.

56) Para a manipulación manual das cargas:

- a) Para o transporte dunha carga procurárase levar os brazos en tensión, lixeiramente flexionados e separados do corpo.
- b) Levar unha carga soamente coa punta dos dedos, supón a metade de esforzo que levala utilizando as palmas das mans e as falanxes dos dedos.
- c) **Manexando cargas punzantes, cortantes, con arestas vivas, etc..., deberanse usar luvas de seguridade.**
- d) As cargas deben manexarse co corpo lixeiramente inclinado cara adiante e a mirada fixa nun punto.

57) En caso de sufrir un accidente grave durante a xornada laboral:

- a) Teremos que seguir traballando, non podemos recibir asistencia.
- b) **Teremos que ser trasladados ao centro asistencial máis próximo.**
- c) Non avisaremos a ningún superior, é mellor que non saiban nada para que non se poñan nerviosos.



- d) Marcharemos correndo a casa.

58) Antes de comezar o traballo coa motorrozadoira manual deberase ter en conta:

- a) Non hai que comprobar nada, suponse que co marcado CE, xa se debe atopar en boas condicións de uso.
- b) Os traballadores non levarán o arnés de colgar a motorrozadoira manual.
- c) **A folla estará ben afianzada, afiada e sen fendas, e estará ben apertada a rosca que suxeita a folla.**
- d) Colocarase unha folla nova en cada uso.

59) Mantemento da motoserra:

- a) **Débase comprobar periodicamente o funcionamento do freo da cadea.**
- b) Non é necesario a limpeza de filtros, nin o mantemento periódico da motoserra.
- c) Non fai falla afiado. Veñen cun mecanismo de afiado automático.
- d) Os filtros teñen que limparse unha vez ao ano.

60) Condución. Indique a resposta incorrecta:

- a) Non conduza con sono, aproveite as paradas para estirar pernas e refrescar brazos e cabeza con auga fría.
- b) Evite inxerir comidas pesadas e música excesivamente relaxante.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Peón especialista
Posto: Peón Especialista

Fase de oposición

- c) **Combater o sono co consumo de cafeína, porque os seus efectos son duradeiros e impiden a aparición de microsonos.**
- d) Evitar a fatiga mediante unha alimentación adecuada, temperatura correcta no habitáculo do vehículo e postura correcta ao volante.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Peón especialista
Posto: Peón Especialista

Fase de oposición

PREGUNTAS DE RESERVA

1) Cal é a fase de traballo nun aproveitamento forestal?:

- a) Descarga, medición e corta.
- b) Reunión, carga e corta.
- c) Replanteo, medición e preparación do terreo.
- d) Corta, saca e transporte.**

2) Unha das loitas contra a avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) que provoca a aparición de bugallas en castiñeiros é:

- a) Non facer caso.
- b) Inocular cepas fúnxicas nas raíces dos piñeiros.
- c) Cortar a parte alta da árbore.
- d) Realizar soltas do parasitoide *Torymus sinensis*, nos meses de primavera.**

3) Cal das seguintes máquinas non son usadas habitualmente no sector forestal?:

- a) Retroaraña e tractor de rodas.
- b) Colleitadora-ensacadora de patacas e sementadora monográn.**
- c) Tractor de rodas e bulldózer.
- d) Procesadora e autocargador.



4) Antes de comezar o traballo coa motorrozadoira manual deberase ter en conta:

- a) As follas das rozadoiras deberían estar sempre ben afiadas, empregando os tipos de afiador especificados polo fabricante. As follas meladas ou ás que lles falten dentes deben cambiarse inmediatamente e desbotarse.**
- b) Non nos debe preocupar que o peso non estea repartido por igual nos dous ombros, logo co movemento xa se notan tanto as molestias e a descompensación que orixinan.
- c) Non pasa nada porque o protector da folla non se atope debidamente colocado.
- d) Non é competencia do traballador.

5) Que se entende por "loita integrada" ?:

- a) A aplicación racional dunha combinación de medidas biolóxicas, biotecnolóxicas, químicas, de cultivo ou de selección de vexetais.**
- b) Deixar actuar á propia natureza sen intervención humana.
- c) Botar fume ao chou.
- d) Non actuar ante unha praga.